

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, "GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A." E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, EN RELACIÓN CO CENTRO DE FABRICACIÓN DE MEDICAMENTOS CAR-T E OUTROS MEDICAMENTOS DE INMUNOTERAPIA CELULAR AVANZADA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, "Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A." e a Universidade de Santiago de Compostela, formalizaron o 07/07/2025 o instrumento convencional arriba referido que terá vixencia indefinida, por estra vinculada á creación de uso dunha infraestrutura de investigación, como son as instalacións do Centro de Producción de Terapias Avanzadas de Galicia.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre as partes para:

a) Garantir a continuidade do funcionamento do Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia, e definir as condicións da cobertura dos servizos e dos gastos derivados do uso do inmovible cedido, que non poidan ser abonados de forma independente, e que serán facilitados polas empresas que a USC ten contratadas para as súas actividades ordinarias de mantemento e servizos, concretamente os relativos a:

- Limpeza

- Subministración de auga e electricidade.

- Sistemas de seguridade e vixilancia

-Mantemento predictivo, condutivo, preventivo e correctivo de instalacións xerais (electricidade, fontanería e saneamento, climatización, conservación e reparación)

b) Colaborar para o establecemento dunha unidade mixta de investigación cun programa asociado a esta finalidade e segundo se defina progresivamente polas partes.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O 27 de maio de 2021 asinouse un convenio marco entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, "Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios SA" (en diante Galaria), e a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), que ten por obxecto materializar e establecer a colaboración necesaria entre as entidades indicadas para a posta en marcha dun centro de produción de CAR-T e outra terapias celulares para Galicia (en diante Centro de Terapias Avanzadas, CTA), e desenvolver no futuro unha unidade mixta de investigación cun programa de investigación asociado a esta finalidade e segundo se defina

progresivamente.

Como parte integrante dese acordo, a USC comprometeuse a ceder temporalmente á Consellería de Sanidade, a través do seu medio propio Galaria, un local de 200 metros cadrados de salas brancas, 150 metros cadrados de laboratorios e outros 600 metros cadrados entre almacéns, despachos e áreas técnicas, sito no Monte da Condesa (rúa Xoaquín Díaz de Rábago, sen numero, na cidade de Santiago de Compostela) que antes foi utilizado polo Instituto de Ortopedia e Banco de Tecidos Musculoesqueléticos, e que se atopaba sen uso.

Con data 21 de marzo de 2023 asinouse un Protocolo xeral de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Servizo Galego de Saúde, "Galaria, empresa pública de servizos sanitarios S.A.", a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo, a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), a Fundación Profesor Novoa Santos (FPNS), e a Fundación Biomédica Galicia Sur (FBGS), para a constitución da Unidade Cooperativa de Investigación en Terapias Avanzadas de Galicia.

O Consello de Goberno da USC, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2023, acordou propoñer ao Consello Social da mesma universidade a aprobación da proposta de desafectación e a cesión de uso temporal de espazos no edificio do Monte da Condesa a prol de Galaria, como medio propio da Consellería de Sanidade, por un prazo de 20 anos.

Finalmente, o 11 de maio de 2023 o Consello Social da USC aprobou a desafectación e a cesión temporal proposta polo Consello de Goberno a prol de Galaria dos espazos dun local de 200m² de salas brancas, 150 m² de laboratorios e outros 600 m² entre almacéns, despachos e áreas técnicas sito no Monte da Condesa s/n de Santiago de Compostela, previa desafectación dos mesmos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Ramón Parada Jorgal.

